

A VALENTÍA DE SER UN MESMO

A busca da identidade é a busca dun mesmo. Nese camiño sempre nos imos cruzar cunha paisaxe coa que lembrar un lugar da infancia, no que ter que decidir entre dúas direccións nun cruce ou no que contestar a unha pregunta da que non sabes a resposta. Fuxir da construción diaria da identidade é imposible. Fagas o que fagas, digas o que digas, todo suma nese proceso inevitable de saber quen es.

No ser quen es conta moito quen queres ser. Simone Saibene quere ser cineasta. Algo moi complicado porque podemos deternos na eterna dúbida de cando pasa un de ser realizador a director e de director a cineasta. Quere ser galego, se non o é xa. E quere ser creador dun cinema que achegue preguntas, que plantexe problemas de fondo. Saibene quere viaxar entre as fronteiras sen amosar un pasaporte caducado doutros tempos nos que os países eran de ida e volta, porque agora nunca marchas para non volver. Nestes tempos, o retornado e o emigrante son figuras difusas, aínda que sigan tan presentes coma sempre. Moitos deste temas están apuntados en *9 ondas*. A identidade do director italiano reflíctese neste filme de construción paseniña. É a súa carta de presentación, o seu manuscrito a man, redactado con infinita tenrura cara a terra de acollida, cunha eterna nostalgia ao país do que marchou e con chiscadelas continuas á vella europa, derruída e derrotada no seu intento de non mudar.

9 ondas non agocha a súa identidade. Pona diante dos ollos do espectador desde o primeiro fotograma. Unha personaxe perdida, pero serena, marca o que vai suceder durante a metraje. Unha sucesión de encontros inesperados e sorprendentes, cun chisco de surrealismo e outro de sentido común. Esa personaxe que avanza coma un peregrino amósanos unha provincia de Ourense inconclusa, moldeada como un reducto de melancolía trascendente. Ourense como punto de paso, lugar de tránsito no que quedarse sería unha estraña decisión se non es de alí. Pero unha terra que engancha pola súa profundidade. Seica a importancia das augas subterráneas marque a identidade da capital e do carácter das súas xentes. Por todo isto, o filme de Saibene necesita o público co que se converter nese espello dun lugar que busca as súas oportunidades. Aí, o filme destila a aposta pola zona amosando o seu lado máis turístico, algo que permite que a película se proxecte coma auténtica reivindicación dos valores ourensáns.

Hai en *9 ondas* o optimismo irredento do seu director e, en confianza e en baixiño, do seu produtor. A ollada limpa de alguén que sacou un proxecto da nada e que cré no cinema como forza para cambiar o mundo. Saibene mestura momentos lixeiros cheos de inocencia inesperada con outros nos que apunta a profundidade do seu discurso. O humor enche, con inusitada sorpresa para o espectador que semellaba estar dentro dun filme observacional, o catálogo de personaxes que se cruzan co protagonista. Revela que detrás das boas intencións non concretadas nalgunhas secuencias, hai un director que pode, e vai, medrar no seu intento de falar desde a autoría.

Seica un dos momentos máis surrealistas, e que máis lle gustan ao que asina este texto, sexa cando o peregrino entra nunha aldea e unha muller o avista desde unha fiestra. A aldeá confúndeo, ou quere confundilo, co seu fillo emigrado. O peregrino

non nega o erro e participa no xogo de ilusión que mantén á muller con vida. A falsa nai, o falso fillo, os veciños que coñecen a verdade pero calan por non amolar. Toda esa parte da película convértese nunha comedia surrealista cun potente fondo dramático. A identidade sofre nese momento unha chea de variantes. A ficción do filme vaise converter en ficción de ida e volta coa falsa ollada das personaxes entre si. E no xogo transmítese a idea de que non hai nada máis habitual na vida que actuar, que tomar o papel que os demais queren impoñerte. O difícil é loitar contra o que se agarda dun mesmo, erguerse un día e decidir cal é o camiño axeitado.

Simone Saibene, e o seu alter ego no filme, son valentes. Porque hai que ser ben valente para construír a túa identidade lonxe da túa terra. Tantos galegos e galegas o fixeron, e o fan, que a construción de Galicia non pode entenderse sen toda esa cantidade de xente. Por iso, cando un ollo chegado de fóra atende á nosa identidade non pode máis que ser alguén que se sente parte da mesma. E nese sentido, *9 ondas* non elude o debate de como participar na construción da identidade cinematográfica en Galicia. O filme dialoga co cinema galego máis actual, ese que recolle premios en diversos festivais do mundo. Faino cunha narrativa inesperada pero, por riba de todo, cunha secuencia na que varios persoeiros da cultura galega debaten cal é o papel que deben xogar os filmes dentro da construción da identidade de Galicia como país. O escenario dese discurso é El cercano, un espazo de pensamento no que se iniciou este proxecto con ilusión e esperanza. Traballar a prol do cinema galego é falar del para que consiga saír da súa invisibilidade dentro e fóra das nosas fronteiras. Facer cine galego, e en galego, é indispensable. Falar del, axuda moito.

Medrar para conseguir un eu e un nós é unha tarefa imprescindible á vez que inevitable. Loitar por coñecer esa identidade, traballala, buscala, querela, necesitala... iso é o que fai Simone Saibene en *9 ondas*. É, sen dúbida, a valentía de querer ser un mesmo.

Ángel Suanzes